

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN

89 Km. Colección CGAC

9 xuño – 19 setembro 2010



Mona Hatoum. *La Grande Broyeuse (Mouli-Julienne x17)*, 1999. Colección CGAC

DATAS

9 xuño – 19 setembro 2010

LUGAR

Salas de exposición da planta baixa

HORARIO

martes a sábados (festivos incluídos),
de 11.00 a 21.00
domingos, de 11.00 a 15.00

COPRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea
de Vigo / CGAC, Centro Galego de Arte
Contemporánea, Santiago de
Compostela

COMISARIA

Virginia Torrente

OBRAS EN EXPOSICIÓN

A exposición *89 Km. Colección CGAC* reúne unha selección dos fondos da Colección do Centro Galego de Arte Contemporánea, comisariada por Virginia Torrente. Un conxunto de 84 obras de 63 artistas, que inclúe pezas en distintos soportes —pinturas, debuxos, fotografías, vídeos, instalacións, esculturas, maquetas, etc.—, moitas delas descoñecidas para o público, que viaxan a Vigo con ocasión desta mostra, no que supón unha experiencia única de colaboración entre ámbalas dúas institucións.

ARTISTAS

- Ignasi Aballí** (Barcelona, 1958)
Lara Almarcegui (Zaragoza, 1972)
Efrain Almeida (Ceará, Brasil, 1964)
Francis Alÿs (Amberes, Bélgica, 1959)
Martí Anson (Mataró, Barcelona, 1967)
Alexander Apóstol (Barquisimeto, Venezuela, 1969)
Lars Arrhenius (Estocolmo, Suecia, 1966)
Txomin Badiola (Bilbao, 1957)
David Bestué & Marc Vives (Barcelona, 1980 / Barcelona, 1978)
Vicente Blanco (Cee, A Coruña, 1974)
Botto & Bruno (Turín, Italia, 1963 / Turín, Italia, 1966)
Fernando Bryce (Lima, Perú, 1965)
Leda Catunda (São Paulo, Brasil, 1961)
Mauro Cerqueira (Guimarães, Portugal, 1982)
Raimond Chaves & Gilda Mantilla (Bogotá, Colombia, 1963 / Lima, Perú, 1967)
Salvador Cidrás (Vigo, 1968)
José Damasceno (Río de Janeiro, Brasil, 1968)
Denmark (Amberes, Bélgica, 1950)
Eugenio Dittborn (Santiago de Chile, Chile, 1943)
Elmgreen & Dragset (Copenhague, Dinamarca, 1961 / Trondheim, Noruega, 1969)
Suso Fandiño (Santiago de Compostela, 1971)
Ângela Ferreira (Maputo, Mozambique, 1958)
Ceal Floyer (Karachi, Pakistán, 1968)
Pauline Fondevila (Le Havre, Francia, 1972)
Anna Bella Geiger (Río de Janeiro, Brasil, 1933)
Liam Gillick (Buckinghamshire, Reino Unido, 1964)
Amaya González Reyes (Sanxenxo, Pontevedra, 1979)
Rubén Grilo (Lugo, 1981)
Mona Hatoum (Beirut, Líbano, 1957)
Hans Hemmert (Hollstadt, Alemania, 1960)
Jonathan Hernández (Ciudad de México, México, 1972)
Arturo Herrera (Caracas, Venezuela, 1959)
Thomas Hirschhorn (Berna, Suiza, 1957)
Ana Jotta (Lisboa, Portugal, 1946)
Gabriel Kuri (Ciudad de México, México, 1970)
Daniel Lara (Monterrey, México, 1976)
Jac Leirner (São Paulo, Brasil, 1961)
Tonico Lemos Auad (Belém do Pará, Brasil, 1968)
Thomas Locher (Munderkingen, Alemania, 1956)
Ken Lum (Vancouver, Canadá, 1956)
Fran Meana (Avilés, Asturias, 1982)
Jordi Mitjà (Figueres, Girona, 1970)
Jonathan Monk (Leicester, Reino Unido, 1969)
Gabriel de la Mora (Colima, México, 1968)
Teresa Moro (Madrid, 1970)
Zwelethu Mthethwa (Durban, Sudáfrica, 1960)
Iván Navarro (Santiago de Chile, Chile, 1972)
Álvaro Negro (Lalín, Pontevedra, 1973)
Rivane Neuenschwander (Belo Horizonte, Brasil, 1967)
June Bum Park (Seúl, Corea del Sur, 1976)
Juan Pérez Agirregoikoa (San Sebastián, 1963)
Adrian Piper (Harlem, Nueva York, EEUU, 1948)
Allen Ruppersberg (Cleveland, Ohio, EEUU, 1944)
Bülent Şangar (Eskişehir, Turquía, 1965)
Diego Santomé (Vigo, Pontevedra, 1966)
Yann Sérandour (Vannes, Francia, 1974)
Roman Signer (Appenzell, Suiza, 1938)
Melanie Smith (Poole, Reino Unido, 1965)
Mladen Stilinović (Belgrado, Serbia, 1947)
Wolfgang Tillmans (Remscheid, Alemania, 1968)
Rui Toscano (Lisboa, Portugal, 1970)
Azucena Vieites (Hernani, Guipúzcoa, 1967)
Erwin Wurm (Bruck an der Mur, Austria, 1954)

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

No ano 2008, a exposición *Paixóns privadas, visións públicas* supuxo un primeiro achegamento dende o MARCO á historia e o presente do coleccionismo privado en Galicia. Continuando esta liña, e centrándose nesta ocasión no coleccionismo institucional, a mostra *89 Km. Colección CGAC* presenta, por primeira vez en Vigo, unha selección da que é, sen dúbida, a colección de arte contemporánea máis importante de Galicia: os fondos do Centro Galego de Arte Contemporánea.

O CGAC alberga, ademais da súa colección propia, os fondos da Colección Fundación ARCO, que se atopa en depósito no centro galego. Ambas as dúas coleccións son obxecto dunha relectura levada a cabo por Virginia Torrente, comisaria independente, que seleccionou un conxunto de pezas en gran parte descoñecidas para o público, nunha das posibles e múltiples lecturas que se poderían realizar desta colección. O título da mostra, "89 Km.", fai referencia á distancia existente entre Santiago e Vigo, que durante tres meses se converte nun percorrido de ida e volta para as obras.

A Colección do CGAC conta na actualidade con máis de mil obras, e nela están representados artistas de distintos contextos, con grande diversidade no que se refire a linguaxes e soportes. Esta exposición permite un achegamento á colección e, con iso, á historia do CGAC e do coleccionismo institucional en Galicia, con propostas artísticas que reflicten os momentos máis significativos do panorama artístico.

A montaxe das obras nas salas do MARCO estrutúrase en eixes temáticos, como un relato en seis capítulos, que atopa a súa correspondencia nos espazos da planta baixa:

1. Interpretacións do cotián

Baudrillard sostíña que a función subversiva da imaxe é atopar a literalidade do obxecto. Varios artistas introdúcennos nunha narrativa de libre interpretación, por medio de soportes tan formais e dispares como a escultura, a fotografía e o vídeo, mostrándonos a través da súa reflexión persoal diferentes achegamentos á realidade, aos universos públicos, ou privados e cotiáns, de cada un e de todos.

Mona Hatoum, Wolfgang Tillmans, Iván Navarro, Lars Arrhenius.

2. A mensaxe e os seus outros significados

A hexemonía dos medios de comunicación de masas, utilizados por economistas, políticos e publicitarios, son analizados neste apartado da mostra, xa sexa por acumulación, ou xerando ironía sobre o seu discurso real, ou converténdoo en documentos surrealistas. Información, compilación, apropiación, reinterpretación, son algunhas das accións presentes neste apartado.

Thomas Hirschhorn, Thomas Locher, Ken Lum, Gabriel Kuri, Eugenio Dittborn, Ignasi Aballí, Jac Leirner, Rivane Neuenschwander, Jordi Mitjá, Rubén Grilo, Fran Meana, José Damasceno.

NOTA DE PRENSA

3. Cuestionar as convencións

Pequenas detonacións de humor son necesarias na nosa vida diaria para interromper a rutina, a monotonía, a tristura e a traxedia. Da risa á ironía sutil, da gargallada á sátira, achegámonos á interpretación das pezas incluídas neste apartado da exposición. Utilizando escenarios domésticos e/ou públicos, o traballo dos artistas aquí representados recrea situacións que cuestionan o convencional.

David Bestué & Marc Vives, Erwin Wurm, Mladen Stilinović, Hans Hemmert, Mauro Cerqueira, Anna Bella Geiger, Roman Signer, Juan Pérez Agirregoikoa, Jonathan Hernández, Jonathan Monk, Yann Sérandour, Suso Fandiño, June Bum Park.

4. A esencia do artista, o seu debuxo

A linguaxe persoal do artista faise máis íntima no debuxo, pola súa inmediatez como soporte e pola súa capacidade simbólica de concretar, nun trazo, a acción máis próxima posible que vai da mente á man. Autobiográfico en bastantes dos casos que aquí se presentan, o debuxo é un diario persoal ou externo, e un reflexo do que sucede dentro e arredor deste medio de expresión, do artista que o utiliza. Algunhas obras traspasan o debuxo en si para transformarse nun híbrido entre a escultura en papel e o colaxe ou, na súa evolución expandida, utilizándoo en técnicas de vídeo de animación.

Fernando Bryce, Tónico Lemos Auad, Efrain Almeida, Pauline Fondevila, Martí Anson, Raimond Chaves & Gilda Mantilla, Allen Ruppertsberg, Gabriel de la Mora, Francis Alÿs, Ana Jotta, Adrian Piper, Azucena Vieites, Teresa Moro, Arturo Herrera.

5. Mapa de aldea global. Vivimos na cidade

As tensións do mundo contemporáneo teñen o seu reflexo no ámbito da cidade. Postcolonialismo, estado de benestar, territorio e fronteira, crecemento e ruína, centro e periferia, son algúns dos temas que se formulan nesta sección. Habitabilidade e cuestión urbana conforman unha moi fráxil relación, examinada tamén polos artistas, que contemplan a paisaxe do século XXI: a metrópole. As análises sobre a cidade ocupan un espectro que vai dende o irónico, o sublime ou descritivo e o persoal, ata a denuncia das desigualdades e da pobreza creadas polo desenvolvemento.

Botto & Bruno, Lara Almarcegui, Rui Toscano, Melanie Smith, Bülent Şangar, Zwelethu Mthethwa, Daniel Lara, Alexander Apóstol, Ângela Ferreira.

6. En torno ao museo. Exercicios espaciais

Hai xa tempo que a escultura e a pintura romperon os seus moldes tradicionais para fundirse en híbridos de resultado e aspecto cada vez menos académico. Esta abolición de fronteiras ten como resultado unha maior importancia do espazo onde se mostran as pezas, ás veces concibidas en orixe para un lugar concreto. Lugar, volume e representación concíbense como exercicios espaciais que, presentados dentro do museo, investigan e poden chegar a cuestionar a base teórica da devandita institución, xerar reflexións teóricas sobre a propia creación artística e a súa mutabilidade, ou dar lugar a propostas máis abertas.

Elmgreen & Dragset, Diego Santomé, Liam Gillick, Amaya González Reyes, Txomin Badiola, Salvador Cidrás, Álvaro Negro, Ceal Floyer.

TEXTO DA COMISARIA

“Como comisaria externa ofrecéuseme a oportunidade de contar un relato en varios capítulos; un relato que ten como protagonistas a autores galegos, españois e internacionais, e a obras realizadas en moi diversos soportes. A idea é crear un novo contexto para a colección do CGAC, que viaxa a 89 quilómetros de distancia e se presenta en Vigo por primeira vez.

Partindo da condición de que as obras que conforman unha colección deben ser expostas, un comisario pode deixarse guiar polo seu instinto, polo seu entusiasmo e por diversos criterios fronte aos traballos dos artistas representados nunha colección. Ao relacionar uns e outros xéranse novos discursos que enriquecen os fondos; aproximacións que atenderán a unhas ou outras preocupacións. O seu instinto básico á hora de realizar unha exposición pode levalo a elixir obras de artistas que lle interesan, de forma irracional e visceral. Pero debe conter ese entusiasmo para conformar un contexto intelixible para o espectador, e buscar un punto intermedio entre a paixón e o formal. O territorio no que se move cando ten a oportunidade de traballar cunha colección xa definida xera diferentes sensacións, dende o incongruente ao poético, enlazando territorios temporais, remodelando o existente, mentres se interroga e parcela en circuitos novos.

Así, unhas pezas van chamando outras, unha artista xunto a outro, e o conxunto defínese nas salas de exposición traendo a un primeiro plano preguntas que conforman un mapa, como pezas dun crebacabezas que necesitan ser encaixadas para ter significado; como pequenos fragmentos dun discurso a ordenar. É entón cando o espectador se atopa diante de obras que xeran empatía máis alá da mera presenza física, que o fan interrogarse sobre como e por que xurdiu unha determinada obra no estudio do artista; que fai aquí agora; como chegou ata esta exposición. O cuestionamiento da obra signifícase dende a condición de obxecto ata o seu papel no programa didáctico do museo. Deste xeito, a obra de arte continúa respondendo á súa función: xerar dúbidas, dende a súa ambigüidade ou a súa rotundidade, pero sempre en relación co espectador. A aura da peza cobra maior autoridade ou dilúese nun contexto.

Entre o compromiso e a evasión, entre o uso dos soportes dun xeito máis formal ou máis libre, atoparemos no MARCO agrupacións que intentaron evitar dúas fórmulas: a articulación de cronoloxía histórica, e a relevancia do nome do artista. Baixo estas premisas, inténtase debuxar unha paisaxe diversa, subdividida en varias narrativas, interpretadas dentro da pluralidade de significados da obra dos artistas presentes na mostra. O soporte elixido ten grande importancia a pesar dos seus múltiples xiros e contaminacións, tamén no século XXI. Disciplinas e xéneros, materiais e mutacións, conforman este relato plural”.

Virginia Torrente

[Comisaria da exposición]

INFORMACIÓN XERAL

SOBRE A COMISARIA

Virginia Torrente (Bilbao, 1963) é comisaria independente. Entre 1988 e 1992 traballou como adxunta á dirección da galería e editorial de arte Estampa de Madrid, e de 1993 a 1999 foi coordinadora de exposicións da Colección Arte Contemporáneo de Madrid. Durante a súa etapa como xefa de Colección e Exposicións do Museo Patio Herreriano de Valladolid (2000-2003) comisariou, entre outras, as mostras individuais de Juan Ugalde, Isidro Blasco e Jorge Barbi. De 2004 a 2006 foi comisaria responsable de Artes Plásticas da Casa de América en Madrid, cun intenso programa de exposicións individuais de artistas españois, portugueses e latinoamericanos, case todas elas concibidas e producidas para os espazos expositivos, ademais de traballar como comisaria independente noutras exposicións realizadas en diversos centros de España e Latinoamérica. Dende 1999 é comisaria adxunta do proxecto independente Doméstico —xunto con Giulietta Speranza, Andrés Mengs, Joaquín García e Teodora Diamantopoulos— que leva a cabo exposicións en Madrid en lugares habitualmente non concibidos para a arte contemporánea, traballo recollido nunha publicación editada en 2005. Entre os seus recentes proxectos destacan *Paraísos indómitos* (MARCO Vigo e CAAC Sevilla, 2008) e *Gustos, colecciones y cintas de vídeo* (CA2M Madrid, 2009). Nestes momentos forma parte do programa curatorial Arte Joven que se presenta durante o ano 2009 na sala de Avenida de América (CAM) en Madrid. Virginia Torrente publicou múltiples textos e impartiu conferencias referidas sempre á arte contemporánea en diversos centros de España e Latinoamérica.

INFORMACIÓN E VISITAS

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

'89 Km. Colección CGAC'

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908/ 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Agradeceríamos remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.